



PE 120B AXUDAS PESCA PARA MELLORA HIXIENE, SAUDE, SEGURIDADE E CONDICIONS DE TRABALLO

DOG 12 do 17/01/2019 Orden 19/12/2018. C DO MAR.

DATA REMATE: 17/02/2019

Contía da Subvención:

investimentos non iniciados nin pagados antes da solicitude de axuda
Ata 50%

Non serán subvencionables aqueles investimentos en que o importe da axuda ou o aboamento á persoa beneficiaria resulte inferior a 600 euros.

Beneficiarios:

Propietarios/as de buques 3ª Lista con porto base en Galicia que teña constituido UN SEGURO que garanta a cobertura de danos a terceiros, non pode ter resolución desfavorable de regularización salvo que posteriormente se regularizase e:

* No caso de buques con primeira venda en lonxa obrigatoriamente: O volume de venda que se obteña da suma das notas de cenda durante o ano anterior deberá ser superior ao 50% da media obtida para este porto base e polo segmento de frota que figura no Rexistro de Buques pesqueiros de Galicia

* No caso de non estar obrigado a venda en lonxa: O buque deberá dispor da autorización para realizar a dita venda e debe transmitilas ao órgano competente.

Requisitos Beneficiarios:

OS INVESTIMENTOS NON PODERAN AUMENTAR A CAPACIDADE DE PESCA DO BUQUE NIN QUE O EQUIPAMENTO AUMENTA A CAPACIDADE DE DETECTAR PEIXE.

Non debe ter infraccións, nin debdedas, nin ter cometido infracción grave outro motico especificado no artigo 5 da orde de convocatoria

TEN OBRIGAS DURANTE 5 ANOS. Entre as que está no ter sancions graves nos seguintes 5 anos (Artigo 7)

Conceptos Subvencionables:

Instalacións sanitarias tales como aseos e lavabos; cociñas e equipamentos de almacenamento de produtos alimenticios; depuradoras de auga para a produción de auga potable; equipamentos de limpeza para manter a bordo as condicións sanitarias axeitadas; guías e manuais para a mellora da hixiene a bordo, ferramentas informáticas incluídas.

A compra e a instalación de caixas de primeiros auxilios; a compra de medicamentos e de dispositivos para tratamentos de urxencia a bordo; a subministración de servizos de telemedicina, incluídos os equipamentos, as



tecnoloxías electrónicas e os dispositivos de imaxes médicas aplicados á consulta a distancia desde os buques; a adquisición de guías e manuais para mellorar a saúde a bordo; e) as campañas de información destinadas a mellorar a saúde a bordo.

Balsas salvavidas; unidades de destrincaxe hidrostática para balsas salvavidas; radiobalizas de localización persoal que, como as radiobalizas de localización de sinistros (RBLs), poidan integrarse nos chalecos salvavidas e na roupa de traballo das persoas dedicadas á pesca; dispositivos de flotación persoal, especialmente traxes de inmersión ou de supervivencia e aros e chalecos salvavidas; bengalas para sinais de socorro; aparellos lanzacabos; sistemas de salvamento en casos de «home á auga»; dispositivos de loita contra incendios, como extintores, mantas ignífugas, detectores de fume ou lume e aparellos de respiración; portas tornalumes; válvulas de peche do depósito de combustible; detectores de gas e sistemas de alarma de gas; bombas de desaugamento e alarmas; equipamentos de radio e de comunicacións por satélite; trapelas e portas estancas; gardamáquinas para máquinas tales como guinches ou estibadores de rede; pasarelas e escadas de acceso; iluminación de cuberta, de emerxencia ou para procuras; mecanismos de seguridade para os casos en que as artes de pesca queden bloqueadas por algún obstáculo situado por debaixo da superficie; monitores e cámaras de seguridade; equipamentos e demais elementos necesarios para mellorar a seguridade da cuberta.

Varandas de cuberta; estruturas de cuberta de abrigo e elementos de modernización dos camarotes que protexan das condicións meteorolóxicas adversas; elementos para a mellora da seguridade dos camarotes e o establecemento de zonas comúns para a tripulación, especialmente dotadas de tecnoloxías que faciliten un acceso a baixo prezo da tripulación ás comunicacións, así como tamén a adaptación da habilitación do buque que facilite a incorporación da muller á tripulación; d) equipamentos para alixeirar o levantamento manual de cargas pesadas, con exclusión das máquinas utilizadas directamente nas operacións de pesca, como, por exemplo, os guinches; pintura e alfombras de goma antiescorregadiza; material de illamento contra o ruído, a calor ou o frío e equipamentos para mellorar a ventilación; roupas de traballo e equipamentos de seguridade tales como botas de seguridade impermeables, dispositivos de protección respiratoria e ocular, luvas e cascos de protección ou equipamentos de protección contra as caídas; h) sinais de emerxencia, de seguridade e de alerta; análise e avaliacións que determinen os riscos que corran as persoas dedicadas á pesca no porto ou durante a navegación co fin de adoptar medidas para previlos o reducilos; guías e manuais para a mellora das condicións de traballo a bordo.